

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE PROMOCIÓN DO EMPREGO E IGUALDADE E A FEDERACIÓN DE AUTÓNOMOS DO TAXI DE GALICIA (FEGATAXI), PARA O APOIO AO TRASLADO DAS MULLERES VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO E OS SEUS FILLOS E FILLAS

MEMORIA EXPLICATIVA

De conformidade co Decreto 123/2022 do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, á Secretaría Xeral da Igualdade, como órgano superior da Administración autonómica en materia de igualdade, correspóndelle impulsar as actuacións conducentes á promoción da igualdade e á eliminación da discriminación entre mulleres e homes, así como á eliminación da violencia de xénero nos termos establecidos na Constitución, no Estatuto de autonomía de Galicia, no Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, na Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, e na demais lexislación aplicable na materia.

A Lei orgánica 1/2004, de 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero articula medidas dirixidas a reforzar os servizos sociais de información, atención, emerxencia, apoio e recuperación integral, así como o establecemento dun sistema para a eficaz coordinación dos servizos existentes a nivel municipal e autonómico. Establece o dereito das mulleres vítimas de violencia a servizos de atención, de emerxencia, de apoio, de acollida e de atención integral. A organización destes servizos por parte das Comunidades Autónomas e Corporacións Locais responderá aos principios de atención permanente, atención urxente, especialización de prestacións e multidisciplinariedade profesional.

A Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, dispón a adopción en Galicia de medidas integrais para a sensibilización, a prevención e o tratamento da violencia de xénero, así como a protección e o apoio ás mulleres que a sofren.

No artigo 48 da mesma lei 11/2007, do 27 de xullo, régúlase a Rede galega de acollemento indicando que os centros de acollida son recursos especializados residenciais e temporais que lles ofrecen acollemento, atención e recuperación ás mulleres que sofren violencia de xénero e ás e aos menores ao seu cargo que



requiren un espazo de protección debido á situación de indefensión ou risco causada pola violencia de xénero. Estes centros están situados en diferentes provincias e localidades de Galicia.

Tamén no seu artigo 49 regulouse a creación dun Centro de Recuperación Integral para Mulleres que sofren violencia de xénero (CRI) que actúa como centro coordinador da Rede galega de acollemento, así como centro de atención integral. Este centro está situado en Santiago de Compostela.

Que a Federación de Autónomos do Taxi de Galicia (FEGATAXI), segundo o disposto no artigo 1 dos seus estatutos, constitúese no ano 1991 como unha entidade asociativa, sen ánimo de lucro, de conformidade coa Lei 19/1977, do 1 de abril, e o Real decreto 873/1977, do 22 de abril, gozando de plena personalidade xurídica e autonomía. Como organización sectorial máis representativa no sector do taxi en Galicia, integra as organizacións provinciais da Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra e conta cunha flota total de 1.931 taxis.

Adicionalmente, esta entidade ven colaborando nos últimos anos coa Secretaría Xeral da Igualdade no traslado de mulleres que sofren violencia de xénero, polo que ten demostrada experiencia, coñecementos e pautas de actuación axeitadas para realizar os mesmos de xeito adecuado.

A Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, a través da Secretaría Xeral da Igualdade, ten constatada a necesidade de dispoñer dun servizo de apoio para o traslado das vítimas de violencia de xénero aos centros de acollida da Rede galega de acollemento, ao Centro de Recuperación Integral (CRI), así como a outros lugares onde se desenvolven actuacións necesarias para a súa defensa, atención, tratamento, recuperación e restablecemento.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

A secretaria xeral da Igualdade

Sandra Vázquez Domínguez

